

A Cámara ofrecerá formación sobre ferramentas e boas prácticas en materia de innovación

Ferrol, 16/09/2010. O departamento de Innovación da Cámara de Comercio de Ferrol deseñou un plan de accións formativas dirixido as empresas de Ferrol, Eume e Ortegal para a incorporación de aspectos innovadores nos seus produtos ou procesos industriais.

O principal obxectivo destas accións de carácter gratuíto é o de dinamizar e promocionar novas técnicas, metodoloxías, ferramentas e boas prácticas no eido da innovación, como estratexia para mellorar a produtividade e a competitividade.

O primeiro curso, que terá lugar o 20 de setembro, estará dedicado á homologación e inspección de soldaduras. Impartido polo Centro Tecnolóxico AIMEN pretende dar a coñecer os procesos máis avanzados nesta materia co obxectivo de achegar aos participantes os principais aspectos a ter en conta tanto desde o punto de vista do inspector como do axente implicado.

A segunda destas accións formativas, prevista para o día 27 deste mes, tratará sobre medidas e calibracións nos procesos industriais. Os alumnos poderán coñecer os instrumentos máis adecuados para os sistemas de medida en función das tolerancias dos procesos, así como todos os aspectos relacionados cos servizos e certificados de calibración emitidos polos laboratorios.

Por outra parte, para o día 4 de outubro, está programado un curso referido aos cambios introducidos no Regulamento europeo EMAS. Abordaranse as consecuencias para as empresas desta revisión e as posibles solucións para unha fácil adaptación.

Por último, os días 13 e 14 de outubro terá lugar un curso de sensibilización ambiental para o acceso a Navantia.

